

A lectura en galego no marco da hibridación editorial
Xornada clubs de lectura de bibliotecas escolares
Santiago 10 de xuño de 2016
Intervención de Manuel Bragado

0. Gratidade

O pasado luns participei no IES Basanta Silva de Vilalba na homenaxe que a biblioteca do centro tributou a Agustín Fernández Paz, o escritor que naceu no barrio das Fontiñas, o mesmo onde está ubicado o centro. Foi un alumno de 4º de ESO, que presentaba a homenaxe xunto a unha compañeira, que lembrou unha frase de Agustín que non esquecín ao longo de toda esta semana: «onde hai unha biblioteca, hai unha luz». Efectivamente, a biblioteca escolar ten que ser o corazón do centro, desde se abran todos os brancos camiños da ilusión dos que falaba Aquilino Iglesias, o lugar principal das aprendizaxes, funcionando como un centro de recursos para todas as aulas.

Solicítanme as organizadoras que aborda a situación actual do libro en galego, o que pode ser unha información de interese para as persoas que traballades na dinamización dos clubs de lectura.

Prego desculpas xa que utilizarei algunhas cifras coa intención de que vos fagades da situación.

1. Un sector hibridado, en mudanza

O sector editorial galego, como o conxunto da edición internacional, vive un proceso de hibridación tanto da creación, do seu soporte, como das súas formas de distribución dos seus contidos. Factores de incerteza, aos que no caso específico galego, se lle engaden a devaluación económica que estamos sufrindo dende 2008, como a devaluación das políticas de fomento da lingua galega, sobre todo no eido educativo.

2. Un sector que retrocedeu

O sector editorial en galego, segundo os datos da serie estatística do ISBN, multiplicou por catorce a súa produción nas últimas tres décadas, xa que no ano 1980 publicaba 187 títulos e no ano 2010 acadou os 2.544 títulos, o seu máximo histórico.

Durante este período foi un sector punxente, capaz de desenvolver un amplo e diversificado catálogo de 14.892 referencias, que no ano 2014

publicou 1.763 títulos, e de contribuír a desenvolver un tecido produtivo ao redor da edición en Galicia.

Un sector que, segundo os datos do estudo de *Comercio Interior del Libro*, facturou en 2014 **25,42** millóns de euros, por parte de corenta empresas, mantendo nese ano 189 empregos directos, ademais dos inducidos nos sectores das Artes Gráficas, libraría e distribución.

3. Panorámica da edición en 2013 / 2014

Segundo os datos achegados pola *Panorámica de la edición española de libros 2014*, o informe estatístico de referencia elaborado polo Ministerio de Cultura a partir dos rexistros do ISBN, en 2014 publicáronse en galego 1.763 referencias, o que supuxo un incremento do 23,00 % con respecto a 2013, aínda que quede aínda moi lonxe daqueles 2.544 de 2010 (un 30,00 % menos).

Tras unha importante diminución no período comprendido entre 2010 e 2013, do 47,53 % do número de títulos editados en Galicia e do 43,99% dos editados en galego, en 2014 produciuse un incremento do 15,4 % da edición galega e do 23,63 % da edición en galego.

Un aumento no número de títulos editados atribuíble á renovación dos libros de texto con motivo da implantación da LOMCE, así como polo desenvolvemento do libro dixital, que acadou as 465 referencias, cifra que duplica a do ano 2013 e tamén a de 2010.

A hibridación do libro galego é un feito, xa que en 2014 ofreceu o 73,62 % dos seus títulos en formato impreso e xa o 26,37 % en diversos formatos dixitais.

Por tipoloxías de edición, o libro de texto en galego, 692 referencias, representa o 39,25 %, e o libro infantil e xuvenil, 362, o 20,53 %, polo tanto un 60,00 % da edición, sendo tamén estes dous subsectores os que máis aumentan con respecto a 2013, feito ao que non é alleo o desenvolvemento dos novos materiais didácticos da LOMCE.

A literatura, 411 rexistros, representa o 23,31 % da edición en galego, mantendo os niveis do ano anterior, aínda que moi lonxe das cifras de 2010, un 35,00 % superiores, mesmo a pesar do incremento da oferta en formato epub.

Os títulos traducidos doutras linguas, 224, supoñen o 12,70 % da edición en galego, o que supón un incremento do 19,00% con respecto ano anterior, ao que non foi alleo o aumento da tradución ao castelán do libro de texto, aínda que este dato queda moi lonxe daquel de 616 títulos traducidos en 2010.

Continúa sendo unha anomalía que o castelán sexa a lingua máis traducida, xa que supón o 45,98 % destes rexistros, sendo o inglés con 56 títulos, o 25,00 % a segunda,

4. A facturación do sector editorial en España en 2013/2014

Os informes de 2013 e 2014 do *Comercio Interior del libro en España*, o estudo de referencia sobre o estado do sector editorial privado encargado pola Federación de Gremios de Editores de España e elaborado cos datos proporcionados polos diversos editores amosa que o conxunto do sector español en reduciu as súas vendas en 2013 un 11,7 % (2.181,97 millóns de €), o que supón 289,51 millóns de € menos ca en 2012; unha perda do 9,6 % dos exemplares vendidos (153.828), 16,4 millóns de exemplares menos vendidos no mercado interior; un decrecemento do 3,5 % no número de títulos editados (76.434) e dun 12,1 % dos exemplares fabricados (246 millóns), trinta e seis millóns de exemplares menos ca en 2012.

Facturación que se incrementou nun 0,6 % en 2014 (2.195,80 millóns de €), como tamén o número de títulos editados un 2,7 % (78.508), a pesar de que diminuíu un 8 % do número de exemplares (226 millóns de unidades).

Cifras que se tomamos como referencia 2008, o ano de inicio da crise e exercicio teito para o sector (3.185,50 millóns de €), supoñen unha redución das vendas do 31,06 % (case mil millóns de €) e do número de exemplares producidos do 27,1 % (85 millóns menos), sendo o número de títulos editados en 2014 (78.508) superior ao do ano 2009.

O sector da edición española ao longo da crise perdeu un terzo da súa facturación e da súa tirada, un severísimo exercicio de enmagrecemento.

5. A edición do sector editorial en Galicia 2013/2014

No caso da edición galega privada, a realizada polos membros da Asociación Galega de Editores, os principais indicadores tamén presentan no seu conxunto considerables reducións.

O número de títulos publicados polos editores privados galegos baixa un 10,9 %, pasando dos 1.888 de 2012 (1.458 en galego, 397 en castelán e 34 noutras linguas) aos 1.682 de 2013 (1.346 en galego, 315 en castelán e 21 noutras linguas), repuntando en 2014 lixeiramente con 1.773 título (1.332 en galego, 429 en castelán e 12 noutras linguas).

Tendencia á baixa que se produce tamén no caso do número de exemplares fabricados que en 2012 foron 2.426.000, e en 2013 2.275.000, que supuxo unha redución do 6,22% (151.000 exemplares), mais que se incrementou en 2014 até os 2.687.000 exemplares. Cifras que levan á que a tirada media do libro publicado en Galicia por editores privados se incremente nun 17,97 %, pasando dos 1.285 exemplares por título de 2012 aos 1.516 de 2014.

6. A edición en galego 2013/2014

A edición en galego de editores privados acadou en 2013 os 1.747 títulos (1.346 publicados en Galicia, 324 en Madrid e 78 en Cataluña), o que supón unha redución do 5,46 %, xa que en 2012 os títulos foron 1.848 títulos (1.458 publicados en Galicia, 334 en Madrid e 55 en Cataluña). Cifras que expresan que en 2013 o 77,0 % do libro en galego é editado en Galicia, o 18,54 % polos membros da Asociación de Editores de Madrid e o 4,46% polo Gremi d'Editors de Catalunya.

Datos que amosan, ademais, que os editores galegos reduciron nun 7,68 % os títulos en galego, que pasan dos 1.458 de 2012 aos 1.346 de 2013. Redución que no caso dos exemplares fabricados é do 6,15 %, pasando dos 1.917.000 de 2012 aos 1.799.000 de 2013 (118.000 exemplares). Cifras que sitúan a tirada media do libro editado en galego por editores privados en 2013 en 1.378, o que supón un incremento do 4,7%, sendo tamén un chisquiño superior á tirada media do libro editado en Galicia, 1.394.

No ano 2014 a edición en galego de editores privados repuntou até os 1.881 títulos (1.332 publicados en Galicia, 492 en Madrid e 57 en Cataluña). Cifras que suponen que se reduciu até o 70,8 % a edición do libro galego en Galicia, así como unha lixeira redución do número de títulos (1,04 %). Porén, prodúcese un importante aumento do número de exemplares fabricados que chega aos 2.379.000, un incremento do 32,24 %, que leva a que a tirada media en 2014 se incremente até 1.772.

O catálogo do conxunto do sector acadou en 2014 os 14.982 títulos, aumentando un 7,43 % con respecto ano anterior (13.945). O catálogo do

libro en galego situouse en 2014 nos 12.861 títulos, o que supón un incremento do 13,49 % con respecto a 2013 (11.332).

7. Facturación do sector editorial privado en Galicia 2013/2014

A facturación do comercio interior do libro en España foi no ano 2013 de 2.181,97 millóns de euros, dos que o estudo estima corresponden a Galicia o 6,4 % (un incremento de catro décimas sobre o ano anterior), 139,646 millóns de €, o que supón unha redución do mercado do libro en Galicia do 5,82 % (8,63 millóns de euros), en todo caso inferior á do conxunto do estado.

Como xa adiantamos, no ano 2014 a facturación do sector foi de 2.195,80 millóns de euros, dos que se estima que corresponde a Galicia o 6,7 %, 147 millóns de euros, o que supón un incremento do 5,30 % (7,36 millóns de euros).

A facturación das editoras privadas galegas en 2013 foi de 24,66 millóns de €, unha redución do 10,42 % con respecto ao ano anterior (27,53 millóns de €). O estudo estima que a facturación do libro editado en galego en Galicia foi de 20,49 millóns de €, unha redución do 5,05 % con respecto a 2013 (21,58 millóns de €).

No ano 2014 a facturación do sector en Galicia foi de 25,42 millóns de euros, o que spuxo un incremento do 3,08 %, estimando que a facturación do libro galego foi de 21,05 millóns de euros, un incremento do 2,73 % (560.000 euros).

Tanto no caso do libro editado en Galicia (25,42 millóns de €) como o editado en galego (21,05 millóns de €), en 2014 as librarías independentes continúan sendo a canle de facturación privilexiada, nun 59,80 % no primeiro caso (15,20 millóns de €) en un 59,30 % no segundo (12,48 millóns de €).

Dos datos pode estimarse que as librarías e as cadeas de librarías galegas durante o ano 2014 venderon 86,73 millóns de €, o que supoñería que o 17,53 % das súas vendas corresponderon a libros editados en Galicia e o 14,38 % a libros en galego editados en Galicia.

As vendas do libro en Galicia teñen un forte carácter estacional, concentrándose nun 62,70 % no segundo semestre do ano. No que atinxe ao pagamento de dereitos de autor, en 2014 foron 1,32 millón de € (o 5,19

% das vendas), unha diminución do 5,03 % con respecto a 2013, ano no que os editores galegos pagaron dereitos aos seus autores 1,39 millón de € (o 5,30 % das vendas).

Se cruzamos estas cifras de facturación, obtemos que a cota de mercado en Galicia dos libros editados polos membros da Asociación Galega de Editores foi en 2013 do 17,65 %, o que supón unha lixeira diminución con respecto a 2012 (18,56 %). No ano 2014 esta cota foi do 17,27 %, o que supón unha lixeira redución do 0,38 %.

A cota de mercado do libro editado en galego foi en 2013 do 14,67 %, o que supuxo un incremento do 0,12 % con respecto ao ano anterior, sendo como xa adiantamos para a canle libreira o 14,04 % da súa facturación. Xaora, esta cota do libro galego foi en 2014 de 14,30 %, o que supón unha redución do 0,37 %.

Se relacionamos estas cifras de facturación de 2013 e 2014 coas de 2008, ano no que a facturación do sector en Galicia acadou os 33,04 millóns de €, a redución foi do 26,16% (2013) e do 23,06 % (2014), o que estimamos que a prezos constantes supoñería unha porcentaxe arredor do 30,00 %.

No caso da edición en galego, sendo a facturación en 2008 de 23,27 millóns de €, a máis elevada até hoxe, a redución foi do 8,61 % (2013) e 9,54 % (2014). No caso do volume de edición, o número de exemplares fabricados, tanto para a edición en Galicia como para a edición en galego, continúa sendo inferior ao de 2008.

8. A edición e facturación por ámbitos temáticos 2013/2014

Como sucedeu ao longo da década, o estudo de *Comercio Interior del Libro en España 2013* amosa como o volume da edición nas linguas cooficiais concéntrase nos libros de Literatura, Texto e Literatura Infantil e Xuvenil, sendo en catalán o 83,9 % dos títulos, en éuscaro o 97,6 % e en galego o 85,7 %.

Xaora, no caso dos libros editados en galego polos membros AGE o número dos publicados en 2013 destes tres xéneros «paraescolares» (1.120) representa o 85,7%, mentres que o número de exemplares producidos (1.564.000) o 87,26 % do total, supoñendo a súa facturación (18,40 millóns de €) o 89,8 % do mercado.

Datos que se acentúan en 2014, onde o número de títulos en galego das tipoloxías de edición paraescolares chega a 1.294, o que representa o 93,63 %, mentres que o número de exemplares producidos (2.251.000) supón o 94,62 %, sendo a facturación (19,11 millóns de €) o 90,78 % do mercado. Cifras todas elas que testemuñan que no entorno da crise non se modificou a forte dependencia do libro editado en galego con respecto ao mercado escolar e paraescolar.

9. A edición literaria en galego 2013/2014

A **edición literaria en galego** en 2013 (367 títulos, 263 mil ex.e unha tirada media de 717 ex.) representou 28,1 % dos títulos e o 14,6 % dos exemplares, mentres as súas vendas (2,58 millóns de €) supuxeron apenas o 12,6 % das totais do libro en galego. Con respecto ao ano anterior produciuse un lixeiro incremento de títulos do 4,26 %, unha importante redución do 19,32 % do número de exemplares (63.000 menos) e unha baixa da facturación do 2,64 % (apenas 70.000 €).

No ano 2014 reduciuse lixeiramente o número de títulos da edición literaria en galego (355), incrementándose, porén, o número de exemplares (282.000) e tirada media (794). Diminuíu a facturación (2,42 millóns de €), que representa o 11,50 % das vendas do libro en galego. Se facemos a comparación con 2011 (399 títulos, 509 mil ex., unha tirada media de 1.573 e unha facturación de 2,84 millóns de €), acentúanse a tendencia negativa. Xaora, o libro literario en galego mantivo neste periodo a súa diversidade de edición e facturación, a costa de reducir o seu volume de edición e a tirada media arredor do 50 %.

A **edición de poesía e teatro en galego**, con 51 títulos en 2013 e unha tirada media de 764 exemplares, representou o 3,9 % do total dos títulos, o 2,2 % dos exemplares fabricados e o 0,9 % da facturación (180.000 €). Mentres que a **edición de ensaio e estudos literarios en galego**, con 101 títulos e unha tirada media de 643 exemplares, supuxo o 7,7 % do total, o 3,6 % dos exemplares e o 1,3 % da facturación.

No ano 2014 a **edición de poesía e teatro** incrementou a súa edición até os 62 títulos, incrementando tamén o seu número de exemplares (2,8 % do total do sector) e a súa facturación (250.000 €). A edición de ensaio e estudos literarios baixou con respecto ao ano anterior até os 54 títulos, sendo a súa tirada media de 600 exemplares e a súa facturación de 190.000 €.

No que atinxe á **edición de novela**, o mercado privilexiado da edición literaria en galego, en 2013 publicáronse en galego, entre novidades e reimpresión, 215 títulos, o 16,5 % do total da edición; fabricáronse 159.000 exemplares, o 8,8 % do volume total de produción, o que supón unha tirada media de 740 exemplares por título; e facturáronse 2,14 millóns de €, que supoñen o 10,5 % do total de ingresos a prezo de capa.

No ano 2014 editáronse en galego 239 novelas, o 17,30 % do total da edición; fabricáronse 183.000 exemplares, o 7,70 % do volumen total, o que supuxo unha tirada media de 794 exemplares; facturándose 2,43 millóns de €, o 11,50 % das vendas anuais.

En definitiva, a novela que supuxo en 2014 o 67,32 % dos títulos literarios en galego, e o 20,40 % do total do catálogo galego, mantén a tendencia xeral de redución do volume de fabricación e de tiradas medias como estratexia dos editores para asegurar a diversidade da edición e a súa cifra de facturación. Un fenómeno facilitado polos actuais procedementos de impresión dixital e de baixa tirada que permiten realizar tiradas inferiores aos 400 exemplares a prezos asequibles.

É interesante comparar estes datos do mercado da novela en galego cos do conxunto deste subsector de ficción en España, que en 2013 editou 9.773 títulos, imprimiu 43 millóns de exemplares e facturou 426,27 millóns de €. Se desagregamos máis estas cifras, comprobamos que a edición de novela en castelán facturou 382,27 millóns de € (o 20 % do seu mercado), en catalán 39,93 millóns de € (o 19,6 % do seu mercado total), sendo en galego apenas os citados 2,14 millóns de €.

Noutras cifras, o número de novelas en castelán (8.227) multiplica as galegas por 38, o número de exemplares (40 millóns) por 251 e a súa facturación (382,27 millóns de €) por 178. Se facemos esta comparativa coa edición en catalán, o número de novelas editadas (1.164) case sextuplica o das galegas, o número de exemplares fabricados (2.940.000) multiplícaaas por dezaioito e a facturación (39,93 millóns de €) faino case por dezanove.

Ademais, se comparamos o mercado da novela en galego en 2014 (1,98 millóns de €) co total do mercado libro en Galicia en 2014 (147,11 millóns de €) obtemos que a súa cota real no mercado galego do libro é do 1,34%, o que supón unha diminución de dezanove décimas con respecto ao pasado ano, sendo a cota de mercado do libro literario galego no seu conxunto do 1,65 %. Cifras que nos axudan a comprender a cativa dimensión do mercado literario galego e mesmo do seu xénero máis popular.

10. A edición infantil e xuvenil en galego 2013/2014

A edición infantil e xuvenil en galego con 399 en 2013 e unha tirada media de 1.133 exemplares representou o 30,5 % do total; con 452.000 exemplares o 25,1% dos fabricados e con 4,31 millóns de € o 21 % da facturación.

No ano 2014 a edición infantil en xuvenil aumentou até o 495 títulos (o 35,30 % do total); fabricáronse 438.000 exemplares, o 18,40 % total; e facturou 4,35 millóns de euros, o 20,70 % do total.

Se comparamos ambos os dous exercicios, o número de títulos publicados medrou nun 24 %, o número de exemplares baixou o 3,70 %, sendo a facturación case idéntica. Cifras que amosan unha aceptable saúde da edición infantil en galego no entorno da crise do sector.

11. A edición de libro de texto en galego 2013/2014

A edición de libro de texto en galego con 354 títulos en 2013 e unha tirada media 2.395 exemplares representou o 27,1 % do total dos editados; 849.000 fabricados, o 47,2 % do total e os seus 11,51 millóns de €, o 56,2 % da facturación.

No caso de 2014 editáronse 444 títulos de libro de texto (o 32,20 %), fabricáronse 1.531.000 exemplares (o 64,30%), sendo a súa tirada media de 3.443 e a súa facturación de 12,33 millóns de euros (o 58,60 %).

Cifras que amosan o peso elevadísimo deste subsector de edición no conxunto do sector, máis aínda en dous exercicios nos que se publicaron novidades correspondentes á implantación da LOMCE.

12. A edición especializada en galego de 2013/2014

A edición de Ciencias Sociais en galego con 70 títulos en 2013 e unha tirada media de 768 exemplares supuxo o 5,3 % do total, o 3 % dos fabricados e o 1,2 % da facturación. No 2014 baixou ao 40 títulos, así como a súa tirada media até 576, sendo a súa facturación apenas o 1,00 % da total.

Mentres que a edición de libros Científico técnicos en galego con apenas 4 títulos en 2013 e ningún en 2014, representou o 0,3 % do total, o 0,6 % dos exemplares editados e unha porcentaxe insignificante de facturación.

O resto dos tipos da edición en galego (libros prácticos e de divulgación, dicionarios e enciclopedias) en 2013 supuxeron 113 títulos, o 8,7%; 171.000 exemplares fabricados, o 9,5 % do total, e 1,34 millón de €, o 8,6 % da facturación. En 2014, reducíronse a 40 títulos (3,40 %), fabricáronse 107.000 exemplares (4,50 %), sendo a súa facturación de 1,73 millóns de € (8,20 %).